



MODIFICACIÓN BASES CONCURSO ENTROIDO VALGA – 2020

Segundo as bases publicadas no seu día, estableceuse como requisito para determinar a inclusión dos grupos e das comparsas na categoría infantil ou de adultos, que como mínimo o 80% dos seus membros debían pertencer á categoría na que se foran a inscribir.

Vistas as dificultades coas que a maior parte das comparsas se atopan para cumprir o mencionado requisito, e visto que isto provoca que non poidan participar en ningunha das categorías existentes; coa boa vontade de facilitar o mellor discurrir do concurso e coa finalidade de non mermar significativamente a participación no mesmo, procédese á modificación do mencionado requisito, facendo a seguinte aclaración:

“Modificación das bases:

Cando o 80% dos compoñentes dunha comparsa ou grupo reúnan os requisitos dunha das categorías (infantil ou adultos) a comparsa ou grupo inscribírase nesa categoría, é dicir, se o 80% dos membros reúnen os requisitos da categoría infantil, a comparsa participará na categoría infantil; mentras que se o 80% reúnen os requisitos de adultos, a comparsa incluírase na categoría de adultos.

Non obstante, no caso de non cumprir co mínimo esixido do 80% para ningunha das categorías, de maneira automática, dita comparsa ou grupo considerarase incluído dentro da categoría adulta.”

Asinado dixitalmente ao marxe
O Alcalde,
José María Bello Maneiro

José María Bello Maneiro (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 17/02/2020
HASH: 2bd7396928e4682ad946ec34ddaec0cb

